

---

**NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS  
CURRICULARES**

**4º CURSO DO GRAO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA  
FACULTADE DE HISTORIA DE OURENSE (UNIVERSIDADE DE VIGO)**

**INTRODUCCIÓN**

1.- Composición e competencias da Comisión de Prácticas da Facultade de Historia.

a) Composición: 5 membros.

- \* Decano/a da Facultade de Historia
- \* Coordinador/a de prácticas
- \* 1 representante do profesorado
- \* 1 representante do alumnado
- \* 1 representante do PAS.

b) Competencias:

- \* Elaboración da normativa de prácticas
- \* Planificación anual das prácticas
- \* Establecemento de criterios de adxudicación de prácticas en caso de concorrencia
- \* Aprobación de propostas de novos convenios de prácticas
- \* Asuntos varios: convalidacións...

2.- Impresos relacionados coas prácticas

a) Impresos a cubrir polo alumnado:

- \* Ficha de solicitude de prácticas
- \* Informe de seguimento intermedio
- \* Memoria final das prácticas

b) Impresos a cubrir polos tutores/as académicos/as):

- \* Programa formativo específico para cada alumna/o
- \* Informe de prácticas e avaliación do alumnado
- \* Documento acreditativo das prácticas para o alumnado

c) Impresos a cubrir polo tutor/a de prácticas na entidade colaboradora:

- \* Informe final de prácticas da empresa

**PLANIFICACIÓN**

1.- Propostas de novas prácticas

a) O alumnado ou o profesorado poderá presentar unha nova proposta de prácticas que deberá incluír unha declaración de interese por parte da entidade colaboradora implicada.

b) A Comisión de Prácticas valorará a proposta e, en caso de aceptala, o Decanato elaborará e tramitará o correspondente convenio de colaboración.

2.- Solicitude e asignación de prácticas

- a) A principios do segundo cuadrimestre o decanato/responsable da coordinación de prácticas manterá unha reunión para informar ao alumnado de 3º curso do Grao en Historia e ao profesorado da facultade da planificación da materia "Prácticas" do 4º curso e da oferta de prazas dispoñibles.
- b) Establecerase un prazo de 15 días para que o alumnado escolla práctica e tutor/a académico e cubra a ficha de prácticas
- c) 5 días despois de rematado o prazo de presentación de solicitudes a Comisión de Prácticas publicará as listas provisionais de asignación de prácticas que poderán ser reclamadas nos 5 días naturais seguintes á súa publicación.
- d) Analizadas as reclamacións presentadas, a Comisión de Prácticas publicará as listas definitivas de prácticas externas.

### 3.- Desenvolvemento das prácticas

- a) Os tutores académicos, previa consulta cos tutores das entidades colaboradoras, redactarán o programa de obxectivos e actividades específicos das prácticas.
- b) A principios do mes de maio os tutores académicos remitirán cuberto e asinado o Programa Formativo Específico para cada alumno/a á Comisión de prácticas, ao alumno e ao tutor da entidade colaboradora.
- d) Serán obrigas dos tutores académicos durante a realización das prácticas:
  - \* Manter contactos coa empresa ou institución para facer un seguimento do desempeño do alumnado nas prácticas.
  - \* Orientar ao alumnado ao seu cargo na realización das prácticas e na elaboración do informe de prácticas.
- d) Serán obrigas do alumnado durante a realización das prácticas:
  - \* Cumprir as tarefas e traballos incluídos no programa específico da práctica seleccionada.
  - \* Entregar ao tutor académico un informe intermedio no que dea conta da súa incorporación e valoración do desenvolvemento das prácticas, transcurridas 50 horas de prácticas.

### 3.- Finalización das prácticas e avaliación do alumnado

- a) O tutor/a da entidade colaboradora elaborará e remitirá ao tutor/a académico/a o informe final de prácticas no que fará constar:
  - \* A duración e datas de realización das prácticas
  - \* A valoración de aspectos referidos as competencias xenéricas e específicas previstas no proxecto formativo do estudante entre os que se encontran:
    - Capacidade técnica
    - Capacidade de aprendizaxe
    - Administración de traballos
    - Habilidades de comunicación oral e escrita.
    - Sentido da responsabilidade
    - Facilitade de adaptación
    - Creatividade e iniciativa

- Implicación persoal
  - Motivación persoal
  - Receptividade ás críticas
  - Puntualidade
  - Relacións co seu entorno laboral
  - Capacidade de traballo en equipo
- a) O estudante elaborará e remitirá ao tutor/a académico/a a memoria final de prácticas na que fará constar:
- \* Datos personais do estudante
  - \* Nome e ubicación da entidade colaboradora na que realizou as prácticas
  - \* Descrición das tarefas, traballos realizados e departamentos aos foi asignado
  - \* Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios
  - \* Xurdimento de problemas e procedementos para a súa resolución
  - \* Identificación das aportacións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas
  - \* Avaliación das prácticas e suxerencias de mellora
- a) O tutor/a académico/a elaborará e remitirá á Comisión de Prácticas:
- \* O informe de valoración no que avaliará as prácticas
  - \* O documento acreditativo das prácticas para o alumnado que incluíra a seguinte información:
    - Titular do documento
    - Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas
    - Descrición da práctica especificando a súa duración e datas de realización
    - Actividades realizadas
    - Aqueloutros que a universidade considere convinte

**CADRO COS PRINCIPAIS ASPECTOS DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS**

<b>HORAS</b>	100 horas presenciais * Ao longo de todo o curso en horario reducido (tardes) * Nos meses de xuño/xullo/agosto: media xornada ou xornadas completa
	50 horas de preparación de prácticas, tutorías e elaboración de informes, etc.
<b>REQUISITOS DO ALUMNADO</b>	Ter superado o 50% dos créditos do Grao de Xeografía e Historia
	Estar matriculado na materia "Prácticas" de 4º curso do Grao de Xeografía e Historia da Facultade de Historia de Ourense
	Ter aboado o seguro escolar ou os maiores de 28 anos o seguro Cum Laude que se inclúe no sobre de matrícula
	Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada na que se vaian realizar as prácticas
<b>DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POLOS TUTORES DA ENTIDADE COLABORADORA</b>	<b>Final das prácticas</b> (entrega ao tutor académico) * Informe final de prácticas
<b>DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POLO ALUMANDO</b>	<b>Antes do inicio das prácticas</b> (entrega na secretaría do decanato) * Ficha de solicitude de prácticas
	<b>Período de realización</b> (entrega aos tutores académicos) * Informe intermedio
	<b>Final das prácticas</b> (entrega aos tutores académicos) * Memoria de prácticas * Memoria final da prácticas
<b>DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POLOS TUTORES ACADÉMICOS</b>	<b>Antes do inicio das prácticas</b> (entrega á Comisión de prácticas, á entidade colaboradora, ao estudante) * Programa formativo específico para cada estudante
	<b>Final das prácticas</b> (entrega á Comisión de prácticas) * Informe de prácticas e avaliación do alumnado * Documento acreditativo das prácticas para o alumnado

